



C-4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DO LOCAL PARA EJERCICIO DE ACTIVIDADE

Table with fields for applicant data (Name, DNI/CIF, Address, Phone, Email) and property data (Address, Reference, Localidad, Surface, Use, Aforo, Potencia).

\*\*As obras relacionadas que afecten ao patrimonio histórico-artístico estarán suxeitas o deber de obtención da previa Licenza Municipal.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que é certo o manifestado e ademais, que achego a seguinte documentación que acredita:

- Que se realizarán obras de conformidade e co proxecto presentado.
- Que as características indicadas reflicten fielmente as obras a realizar e as actividades ou instalacións a desenvolver.
- Que as obras comunicadas non se atopan suxeitas a licenza municipal previa segundo a legislación vixente.
- Que se respectarán as normas da boa construción, convivencia, cidadá e de respecto polo descanso da veciñanza.
- Que se cumpren os requisitos para o exercicio das obras e que o local e as súas instalacións reúnen as condicións de seguridade, funcionalidade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico e normativa sectorial de aplicación.
- Que a actividade e as obras que se comunican non afectan ao patrimonio histórico-artístico.
- Que conta coas autorizacións para a ocupación do espazo público, dominio público ou sectoriais que resulten necesarias.
- Que se cumpren as condicións de illamento mínimas e os valores límites de inmisión e transmisión de ruído e vibracións consonte á lexislación e regulamentación vixentes.
- Que no caso de que se dispoña de maquinaria, estará instalada sobre soportes antivibratorios e illada de paredes medianeiras con outras construcións.
- Que as instalacións se conectarán ás arquetas e equipos xeráis de acometidas do edificio ás redes de servizos municipais.
- Que os rótulos exteriores se axustarán ás determinacións da ordenanza municipal de reforma de locais comerciais.
- Que as instalacións cumpren cos regulamentos técnicos específicos das instalacións e normas fixadas na normativa obrigada de aplicación e no planeamento municipal.
- Que a actividade cumpre coas condicións de accesibilidade.
- Que cumpriran os requisitos relativos ás medidas hixiénico-sanitarias.
- Que se cumpriran os requisitos da normativa específica de tratamento de residuos, de resultar esixible.
- Que achega toda a documentación preceptiva que é esixida.

COMUNICO, ASÍ MESMO:

Que iniciarei as obras a partires do día \_\_\_\_\_. (A comunicación deberá realizarse cunha antelación mínima de quince días (15 días)).

Unha vez rematada a obra me comprometo a presentar a comunicación previa de inicio de actividade achegando o Certificado Final de Obra ou de Instalacións.

ADIRTESE QUE consonte co disposto no apartado 4º do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación perante a Administración competente de da declaración responsable ou da comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar. Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo isto, consonte aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación. AUTORIZO aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da obra a executar. Consonte coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Ares. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito e presentándoo perante o Rexistro do Concello.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA PRESENTE SOLICITUDE

Impreso C-4, comunicación previa de obras de acondicionamento de local para exercicio de actividade.

Datos identificativos do solicitante:

- Persoas físicas: Copia dun documento acreditativo de identidade do solicitante ou do representante legal (segundo acreditación que se achega consistente en autorización expresa do solicitante, poder notarial ou declaración responsable).

- Persoas xurídicas: D.N.I. do representante da entidade e da documentación acreditativa da representación e escritura ou documentos de constitución e/ou acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente incritos no Rexistro Público que corresponda.

Liquidación das preceptivas taxas municipais. Carta de pagamento.

Proxecto técnico das obras de adaptación a realizar, redactado e asinado por técnico competente, incluíndo os planos de situación e deslinde, plantas, alzados e seccións do estado actual e reformado do local e justificación do cumprimento das esixencias Básicas do Código Técnico da Edificación, regulamentos técnicos específicos obrigatorios e normativa urbanística municipal. O Proxecto deberá justificar que ó remate das obras, o local será apto para o novo uso, conforme á normativa aplicable en función da súa natureza e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico, seguridade contra incendios e accesibilidade, precisas para o uso que se pretende implantar. Deberá contér orzamento desglosado por capítulos e unidades de obra.

Proxecto técnico da actividade a realizar, (ou Memoria de Instalacións para o caso de instalacións de escasa entidade) redactado e asinado por técnico competente, no que se inclúa a descrición detallada das instalacións, equipos e medidas correctoras necesarias para o seu desenvolvemento, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos ou administrativos.

Certificación expedida por técnico competente na materia comprensiva de que o local é apto para o exercicio da nova actividade, conforme á normativa aplicable en función do mesmo e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, seguridade e solidez, accesibilidade, illamento térmico e acústico e seguridade contra incendios precisas para o uso pretendido e que conta coas autorizacións e rexistros sectoriais.

Declaración responsable (ou certificado colexial) de técnico competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que se permita a súa identificación e na que se acredite que non se atopa inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

Nomeamento do técnico director da obra, do técnico director da execución material e do técnico responsable da seguridade e saúde da obra (de se-lo caso).

Reportaxe fotográfica, incluíndo fotografías da totalidade da fachada e do interior do local, subscrita polo solicitante e polo técnico competente redactor da documentación.

Autorizacións ou declaracións ambientais que procedan.

Autorizacións e informes sectoriais preceptivos (de ser o caso):

***Instituto de Estudos do Territorio***

***Augas de Galicia***

***Demarcación de Costas***

***Servizo Provincial de Urbanismo***

***AESA***

***Turismo***

***Industria***

En Ares, a      de      de      .

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARES**